

ANUNCIO

PROGRAMA A “+BENESTAR” 2026

Aberto o prazo para solicitar a participación no programa da Deputación Provincial de Pontevedra “+Benestar” 2026 (BOPPO nº 35 de data 20 de febreiro de 2026)

DESCRICIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Nel ofrecese unha estancia de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con balneario, talaso spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

REQUISITOS A CUMPRIR

- 1.- Estar empadroadas na provincia de Pontevedra.
- 2.- Ter 55 anos ou máis.
- 3.- No suposto de ter menos de 55 anos, deberá darse algunha das seguintes circunstancias:
 - .- Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.
 - .- Posuír a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
 - .- Ter acreditado, polos servizos sociais comunitarios básicos do seu Concello, un respiro familiar.
- 4.- Non sufrir ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.
- 5.- Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.
- 6.- Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.

PRAZO PARA FORMALIZAR AS SOLICITUDES: dende o 23 de febreiro de 2026 ata o 13 de marzo de 2026.

Máis información no departamento dos Servizos Sociais do Concello ou no enderezo <https://sede.depo.gal>

O Alcalde

Juan Pablo Castillo Amigo

